

COMUNICACIÓN PREVIA E AUTOLIQUIDACION TRIBUTARIA PARA CAMBIOS DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES OU ESTABLECEMENTOS CONFORME A LEI 9/2013, DO 19 DE DECEMBRO, DE EMPRENDIMENTO E COMPETITIDADE ECONOMICA DE GALICIA

1. DATOS DO NOVO TITULAR (suxeito pasivo tributario)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONS:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

2. DATOS DO ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONS:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

3. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONS:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

4. DATOS DA ACTIVIDADE ECONOMICA, EMPRESARIAL, PROFESIONAL, INDUSTRIAL OU COMERCIAL

DIRECCIÓN:			
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL	REFER. CATASTRAL:	
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:	
GRUPO IAE:	NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE (ANTERIOR):		
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:			
NOVA DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:			
DATA DE CONCESIÓN DA LICENZA OU REXISTRO DA COMUNICACIÓN PREVIA ANTERIOR:			

5. AUTOLIQUIDACION TRIBUTARIA POR ACTUACIONS URBANISTICAS

OBXECTO TRIBUTARIO (O.F. TAXA POR SERVIZOS URBANÍSTICOS, BOP 25/02/2012)	COTA TRIBUTARIA	TOTAL A INGRESAR (CONTA Nº: ES38-2080-0122- 41-3110000040, Abanca)
OUTRAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS (artigo 5.3 O.F.)	30 €	30 €

OBSERVACIÓNS:

DOCUMENTOS QUE DEBEN ACHEGARSE:

- x** Copia do DNI/CIF do interesado. No seu caso, acreditación da representación e copia do DNI do representante.
- x** Xustificante bancario do pago da autoliquidación tributaria correspondente.
- x** Copia do título habilitante da actividade ou, de ser o caso, do título do anterior cambio de titularidade.
- x** Declaración de que na data actual se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e demais previstas no planeamento urbanístico.
- x** Conformidade do titular anterior da actividade ao cambio de titularidade (conformidade expresa ou presunta por extinción do contrato arrendamento debidamente acreditado) ou título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade (escritura compravenda, contrato arrendamento, etc..).

Doume por enterado do contido da nota informativa que figura ao dorso.

En, adede.....

PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

Asdo.....

Nota informativa:

-Aos efectos da normativa sobre protección de datos persoais o interesado autoriza a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

-De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos , informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ , con dirección en Rúa do Concello, 4. 27300 Guitiriz (Lugo); correo delegado protección de datos: info@concellodeguitiriz.com
Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada, baseándonos no interese público . Os datos non se cederán a terceiros , salvo por obriga legal ou para a correcta prestación do servizo. Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/politica-de-proteccion-de-datos>

[] O interesado autoriza a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

-Aos efectos das responsabilidades a que houbera lugar, infórmase ao interesado que:

O apartado 4 do artigo 69º da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

No mesmo sentido o establece o artigo 26 da Lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, referíndose á declaración da ineficacia da comunicación previa audiencia ao interesado.

- Nos cambios de titularidade a responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se levase a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo.

-Aos efectos da verificación da comunicación previa, o concello, unha vez recibida a comunicación previa, iniciará de oficio o procedemento de verificación establecido no artigo 15º do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Único de Regulación Integrada de Actividades Económicas e Apertura de Establecementos, así como as actuacións de control nos termos que determina o artigo 16º, podendo declarar a ineficacia da dita comunicación nos supostos e efectos establecidos no artigo 17º a 18º, podendo determinar a correspondente inhabilitación, con independencia das responsabilidades sancionadoras que procedan.

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ , coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4 , 27300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico do Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1.FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión derivada da mesma. O feito de que nos facilite parte da información solicitada podería supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

2.PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3.LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ó realizar a solicitude e o interese público.

4.DESTINATARIOS DE CESIÓN: CONCELLO DE GUITIRIZ non cederá datos a terceiros, salvo por obriga legal ou para a correcta prestación do servizo.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6.INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/>